



*A Orde do 9 de abril de 2010 establece a composición, organización e funcionamento da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica, como órgano interno de asesoramento da Consellería de Sanidade, sendo o seu obxectivo xeral realizar un seguimento da utilización dos recursos farmacoterapéuticos nos centros da rede asistencial do Servizo Galego de Saúde e propoñer estratexias de mellora na xestión eficiente dos recursos canto a calidade, seguranza e eficiencia do seu emprego, e na equidade de acceso a eles.*

Entre as súas funcións, tal e como recolle o artigo 3.7 de dita Orde, está a do seguimento dos diferentes procedementos de aplicación do *Real decreto 1015/2009, do 19 de xuño, polo que se regula a dispoñibilidade de medicamentos en situacións especiais*, para dar unha resposta homoxénea no Servizo Galego de Saúde en canto á utilización de medicamentos en condicións diferentes ás establecidas na súa ficha técnica.

Polo tanto, e en resposta ás solicitudes realizadas por diferentes centros hospitalarios da rede sanitaria galega da utilización de Bevacizumab na indicación de dexeneración macular asociada á idade, a Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica reunida en data 17 de xaneiro de 2012, en exercicio das súas funcións acorda o seguinte:

- 1) Con carácter excepcional e á vista da evidencia científica da eficacia, seguridade e eficiencia dispoñible na actualidade, no Servizo Galego de Saúde poderase utilizar bevacizumab no tratamento de pacientes con dexeneración macular asociada á idade, indicación que non está autorizada na ficha técnica de este medicamento, nas condicións establecidas no "Protocolo de utilización de anxioxénicos na dexeneración macular asociada á idade" que se xunta como anexo I.
- 2) En todo caso, o facultativo que indique este tratamento, ven obrigado a cumprir as condicións xerais que establece ao respecto o *Real decreto 1015/2009, do 19 de xuño, polo que se regula a dispoñibilidade de medicamentos en situacións especiais*, incluíndo un consentimento informado para o paciente (xúntase modelo como anexo II)

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2012

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA

D. Félix Rubial Bernardez

COMISIÓN DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE